

BANDO

D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES

FAI SABER

NORMAS PARA AS CACHARELAS DE SAN XOÁN 2026

SOLICITUDES

- As persoas ou asociacións que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude no Concello de Outes, **antes das 14.00 horas do día 22 de xuño de 2026.**

NORMAS

- 1.- Non está permitido facer as laradas nas **praias, camiños, xardíns ou parques públicos**, nin nas proximidades de masas arbóreas.
- 2.- As laradas situaranse en lugares seguros nos que non exista perigo de propagación accidental cara ás vivendas, instalacións de cablaxe ou terreos próximos. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros, libre de calquera elemento combustible.
- 3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas polo menos 50 m. Os/as responsables deberán contar con medios de extinción suficientes para o seu uso inmediato, no caso de ser necesario.
- 4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas...).
- 5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento e ata que o lume quede completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez remate o evento.
- 6.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos que tivesen lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE